
Omphalodes nitida (Willd.) Hoffmanns. & Link, 1811

- embigueira, onfalodes, herba do sollo
- onfalodes, alfeñique portugués, ombliguera
-
-
- blue-eyed Mary
- miosótis dos bosques



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Liliopsida**	**Lamiales**	**Boraginaceae**	***Omphalodes***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Planta herbácea perenne, rizomatosa. Talos erectos que poden chegar aos 80 cm de altura, con ramificacións. As follas inferiores son oblanceoladas mentres as medias e superiores son lanceoladas, alternas e máis ou menos sésiles. Todas elas presentan a marxe ciliada, e peliños ríxidos no envés, os cales aparecen tamén nos pedicelios e nos cálices. Posúen pouca densidade de flores. Estas presentan pedicelos relativamente longos, un cáliz piloso por ambas caras e unha corola duns 10 cm de diámetro de cores azuladas. Os estames están inseridos na parte superior da corola e teñen forma de antenas amarelas. A floración ocorre na primavera-verán. Produce froitos en forma de núculas, cilíndrico-truncadas, de tonalidades pardas e cunha marxe dorsal alada.

HÁBITAT

Atópase en lugares relativamente húmidos e sombríos: pradeiras húmidas, noiros, marxes de ríos e outras canles de auga. Prefire solos areosos ou louseños, entre os 90 e os 1600 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Endémica do noroeste da Península Ibérica: Galicia, noroeste de España e norte de Portugal.

CURIOSIDADES

É comunmente cultivada fóra do seu hábitat natural, en xardinería, como planta ornamental.